

CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026

BASES

Primeira.- O Concello da Pobra do Brollón convoca o Concurso de Disfraces, que se realizará dentro do programa das actividades do entroido o **sábado 14 de febreiro de 2026**.

Segunda.- As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse na Biblioteca Municipal do Concello (Casa da Cultura “Olga Novo” 2º andar) ou ben chamando ao teléfono 982 430 546 en horario de 10:30 a 13:30 horas, facilitando no momento da inscrición nome completo e número de dni, sendo o **derradeiro día de inscrición o xoves 12 de febreiro**, respectivamente.

Terceira.- Para a participación no concurso haberá as seguintes categorías:

- Participantes pertencentes ao Concello da Pobra do Brollón
 - Carrozas
 - Comparsas de 15 ou máis persoas
 - Comparsas de 5 a 14 persoas
 - Individuais de 1 a 4 persoas.
- Participantes non pertencentes ao Concello da Pobra do Brollón
 - Carrozas
 - Comparsas de 15 ou máis persoas
 - Comparsas de 5 a 14 persoas

As categorías non poden ser acumulativas.

Cuarta.- Todos e todas as participantes deberán estar o **sábado 14 de febreiro as 16:40h no cruce da Estrada de Saa**. A saída do desfile comezará as 17:00h dende o cruce da Avda. De Galicia coa Estrada de Saa, percorrerá as principais rúas da Pobra do Brollón e rematará na área recreativa Samugueiros.

Quinta.- Os inscritos dentro da categoría de carrozas ou comparsas de 15 persoas ou máis, deberán nomear un representante que formará parte do xurado.

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: a montaxe, a elaboración, a orixinalidade, o humor e os materiais utilizados.

Inmediatamente despois do remate do desfile todo o xurado se reunirá na biblioteca municipal para proceder ao reconto das valoracións e deste modo establecer os premios.

A entrega dos premios será o día 14 de febreiro de 2026 ao remate do desfile de Entroido.

Sexta.- Os premios serán os seguintes:

As carrozas participantes no desfile QUE NON RESULTEN PREMIADAS faráselle entrega dun accésit valorado en 40€.

1.- Participantes pertencentes ao Concello da Pobra do Brollón:

PREMIOS	CARROZAS	COMPARSAS DE 15 OU MÁIS PERSOAS	COMPARSAS DE 5 A 14 PERSOAS	INDIVIDUAL DE 1 A 4 PERSOAS
1º	175€	175€	100€	50€
2º	125€	125€	80€	40€
3º	75€	75€	50€	30€
4º	-----	-----	-----	20€
5º	-----	-----	-----	10€

2.- Participantes non pertencentes ao Concello da Pobra do Brollón:

PREMIOS	CARROZAS	COMPARSAS DE 15 OU MÁIS PERSOAS	COMPARSAS DE 5 A 14 PERSOAS
1º	75€	75€	50€
2º	50€	50€	40€
3º	30€	30€	25€

Sétima: O persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde a calquera elemento das comparsas e disfraces que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

Oitava: Para o cobro dos premios solicitarase, ben presencialmente nas oficinas municipais, ben na sede electrónica a través dunha instancia xeral onde se deberá achegar certificado de número de conta e copia do dni do participante.

Novena: A participación no concurso implica a autorización ó Concello da Pobra do Brollón de todos os participantes inscritos, da recollida e tratamento dos datos persoais dos participantes que teñen como finalidade a xestión do concurso convocado polo Concello, entrega de premios e publicación do gañador, así como na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade, documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.



A Pobra
do Brollón



Queda autorizado expresamente o Concello da Pobra do Brollón
para divulgar imaxes dos
participantes na forma e polos medios que considere máis oportunos.

A participación no Concurso implica a total aceptación das presentes bases.